

## Unidade Didáctica

Concello de Vigo - Concellería da Muller  
Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local

# CON NOME DE MULLER



Concellería da Muller  
Concello de Vigo

## Introdución

Os espazos que conforman as nosas cidades teñen unhas calidades, unhas formas, unhas funcións que non xorden ao chou senón que son o froito de moitas forzas sociais, económicas, históricas e culturais. As cidades vanse conformando ao longo da súa historia como fiel reflexo da concepción que do mundo e das súas propias vidas tiveron as sociedades que as foron construíndo e modelando.

Por iso, cando falamos de discriminación de xénero, cando falamos de igualdade de oportunidades, tamén temos que dirixir a mirada a ese espazo/escenario das nosas vivencias cotiás, a cidade onde habitamos, para construir un espazo onde habitar en igualdade, un espazo adaptado ás novas necesidades sociais e laborais, ás novas familias que se están constituíndo. Un espazo onde homes e mulleres viven en igualdade.

Para avanzar, abrirnos paso no presente e afrontarnos ao futuro, cómpre que nos recoñezamos, homes e mulleres, como construtores e construtoras da nosa cidade. Pero a presenza das mulleres a nivel simbólico segue a estar tremenda desproporcionada. Un xeito de achegarnos á memoria simbólica da cidade é a través do nome das rúas, prazas e parques, e abonda facer un pequeno percorrido pola cidade para caer na conta de que a toponimia reflicte unha cidade de homes, onde as mulleres están ausentes... e esquecidas.

Nesta publicación, ao tempo que pretendemos chamar a atención sobre o cativo da presenza feminina no rueiro de Vigo, queremos contribuír a que a historia das poucas mulleres que na nosa cidade foron merecedoras de que o seu nome formase parte da súa toponimia fose coñecida, recoñecida ou recuperada. Porque contar a historia das mulleres de carne e óso que dan nome ás nosas rúas é tamén, dalgún xeito, contar a historia das ausentes, de todas as que unha cultura androcéntrica decidiu manter no esquecemento.

Se acudimos ao plano de Vigo, atopamos que a cidade acolle preto de 1400 topónimos entre camiños, rúas, prazas e parques. De entre eles, apenas 44 levan nomes de muller, referidos a persoas ou actividades. Os nomes de homes, nas mesmas circunstancias, ascenden a 300.

Entre os 44 nomes de muller:

- Tres corresponden á realeza: rúa de Isabel II, praza de Isabel a Católica e praza da Princesa.
- Corresponden á Virxe ou a santas 14 nomes: santa Ana, santa Mariña, santa Cristina, santa Clara, santa Rita, santa Marta, M<sup>a</sup> Auxiliadora...
- Outros 14 nomes teñen un sentido descriptivo ou de actividades: camiño da Felisa, da Ramona, da Marquesa, costa das Gaiteiras, fonte das Mozas, finca de dona Concha...

E para rematar este percorrido, só 13 nomes, fóra santas e raíñas, foron asignados como xeito de recoñecemento ou homenaxe a mulleres concretas.

Contando a historia destas 13 mulleres, nobres, burguesas, escritoras, pintoras..., coñeceremos tamén a historia das mulleres do seu tempo polo que sabemos delas ou, no seu caso, polo pouco que os que escribiron a historia nos permitiron coñecer.

- Concepción Arenal
- Condesa Casa Bárcena
- Fermina Alonso Lamberti
- Inés Pérez de Ceta
- Julia Minguillón
- María Berdiales
- María do Carme Kruckenberg
- María Xosé Queizán
- Marie Curie
- Maruja Mallo
- Olimpia Valencia
- Purificación Saavedra
- Rosalía de Castro

Nun plano da cidade sitúa as rúas con nome de muller. Marca cun rotulador o seu traxecto e reflexiona sobre a súa ubicacion para contestar as preguntas:

- Son vías principales ou secundarias?
- Cantas destas rúas ou prazas están situadas nas novas zonas de expansión da cidade?
- No seu contorno, hai rúas con nome de homes? Teñen estes unha importancia histórica semellante?

## JULIA MINGUILLÓN

Nace en Lugo en 1906. Xa dende moi pequena manifesta o seu interese pola pintura e áinda se conserva un dos seus primeiros óleos que pintou cando tiña nove anos: un esbozo dunha reunión de mulleres cosendo na rúa.

En 1926 traslázase a Madrid cunha bolsa para cursar estudos na Academia de Belas Artes de San Fernando. Como as compañeiras de xeración que conseguiron despuntar nalgúnha actividade intelectual, recibiu unha sólida formación, obtendo o título de Profesora de Debuxo e Pintura. En 1934 o seu cadro *Xesús con Marta e María* resultará premiado na Exposición Nacional con medalla de bronce.

En 1941 pinta un lenzo titulado *A escola de Doloriñas*, no que reproduce unha xornada na escola lucense de Lourenzá coa intención de reflectir a situación das vellas mestras rurais. Este cadro vaina converter na primeira

**D**ON Julia Minguillón hemos perdido —y hay que decirlo así, porque su futuro se pre-  
staba fecundo y pro-  
mecedor— uno de los valores  
más puros de la pintura espa-  
ñola contemporánea: una de las  
vocaciones también de más sus-  
tancial y fervoroso arraigo en  
la profesión. Para ella el éxito,  
recibido pronto, y bien es ver-  
dad que no gratuitamente, supuso mucho más una confirmación  
en su fe que lo que para  
muchos es el triunfo prematuro:  
el angustiamento en una  
ganancia que a cada momento  
se teme perder, como ocurre  
con un tesoro mal adquirido.

La labor de un artista es algo  
sujeto a héroes y desánimos  
que no podemos adivinar, a  
tiempos de creación que no coinciden  
siempre con la medida del  
tiempo físico, ni con las urgencias  
de las modas, ni con los empellos de las escuelas. El  
artista verdadero sufre a diario  
y se desalma con todo eso, por  
seguro que está en sus postulados;  
pero por encima o por debajo de lo mundano está el  
mundo, su mundo... Y por debajo  
o por encima de las corrientes  
está el puro valor caudal,  
que es donde verdaderamente se  
siente nacer y alimentar la vida.  
Cualquier declinación por con-  
tagio hacia caminos que no son  
los suyos se convierte pronto  
en simulacro o en desesperación: ahí está la diferencia entre  
los gananciosos y los auténticos,  
que incluso éstos a veces  
se salen de sus casillas para sa-  
ber volver con los ojos más clara-  
ros y con el corazón más firme  
y maduro.

**D**E Julia Minguillón podría-  
mos decir que no había de-  
clinado nunca. Que su tiempo  
—sereno y verdadero, como el  
“tiempo” mismo—no ha busca-  
do nunca hacerse coincidente  
con el de la pasión o la fogata  
de los buscadores del escándalo.  
Ella ha pintado como ha sentido;  
ha pintado cuanto ha sentido.  
Y ha callado también cuando  
sus manos le han pedi-  
do silencio; sabiendo fundamen-  
tamente que el creador no descansa  
nunca, que las posibilidades an-  
cladas en el ocio están alimen-  
tando la obra de mañana, se es-



Por José García Nieto

tán adensando en la espera. Si para Kiklé el poeta tenía que pasar por todas aquellas expe-  
riencias de vidas, muertes, go-  
zos, dolores, triunfos y fracasos,  
anhelos y desesperanzas,  
para encontrar al fin una única

muller en gañar a medalla  
nacional de Belas Artes. Xunto  
con este cadro, que se atopa  
exposto no Museo de Lugo, a  
obra máis destacada de Julia  
Minguillón foi *Agonía* unha  
representación da crucifixión na  
que elixe como modelos a dous  
xitanos. Pintará numerosas  
paisaxes, retratos, flores, o  
mundo dos xitanos, bodegóns, e  
en xeral, toda a temática  
susceptible de ser pintada en  
plástica. Debuxante e colorista  
excepcional, posuidora dun  
impresionante dominio para a  
composición, é un dos clásicos  
indiscutibles da plástica galega do  
século XX.

Concorre ás exposicións  
nacionais de 1934, 1941 e 1964 e  
expuxo en museos de todo o  
mundo, pero só celebrará cinco  
exposicións individuais: Madrid  
(1945 e 1958), Vigo (1951), París  
(1953) e Guatemala (1955). Hoxe  
en día resulta moi complicado  
atopar obra súa en galerías de  
arte.

te es siempre un resumen de una  
actitud ante la vida, una síntesis  
de un alma que ha encontrado  
aquella ventana para gritar  
mensaje.

Por so, en algunos pintores,  
como Julia Minguillón, lo que  
más nos sugestiona—y conforta—  
de su obra es esa forma de  
transverso sucesivo y humilde de un  
temperamento a una materia.  
Esto solamente puede hacerse  
con mucha fe y con mucha  
verdad. De aquí también la  
claridad de esta pintura; de  
aqui su dinámica comunicativa.

Y no es que valoremos to-  
camente y primordialmente sobre  
todas las cosas el inmediato “en-  
tendimiento” de una pintura,  
arma de dos filos de difícil y  
hiente manejo. Conocida es la  
famosa anécdota de don Eugenio  
d'Ors cuando preguntó a la  
persona a quien dictaba uno de  
sus trabajos: “¿Está suficientemente  
claro?” Y al responder  
aquella que sí, el maestro di-  
jo: “Entonces, oscuréczmáisolo.”  
Fero es que en el juego dorsi-  
fijo había mucho más sentido  
que fraude. El trataba de ir hacia  
la verdad con los menos; no  
confundir en la mentira a los  
máis.

No; no es la claridad valor  
esencial para toda obra de arte.  
Hay claridades de claridades.  
No es la misma claridad la de un  
atardecer que la de un mediodía;  
ni es la misma nitidez  
la que nos ofrece un poema que  
la de una ecuación matemática.  
Y en Julia Minguillón si hay  
claridad porque está siempre  
dada en función del descubrimiento  
inicial. Ella ve las cosas  
como despacio, como tierna y  
moderadamente. La vida se le  
presenta como una melodía que  
acaso sólo ella escucha, pero  
nos la ofrece con una notación  
sencilla al parecer y de magníficos  
y desconcertantes efectos.

**Y**a en aquella “Escuela de  
Doloriñas”, que prendió su  
nombre en el interés de muy  
distintos pareceres, lo que se  
admira más era el sentido ulti-  
mo de musicalidad y armonía  
que el cuadro nos dejaba. En  
sus manos, los seres, las cosas,  
la anécdota, la luz, habían co-  
brado un sentido melódico de la  
existencia. Todo estaba allí  
como respondiendo a una cita

dictada por alguien supradeter-  
no y sapientísimo. “Ahora está  
todo bien”, parecía oírse de una  
voz conjuntadora que impusiera  
y cantara a la vez el orden del  
mundo.

Una pintura así tiene, natu-  
ralmente, que ser clara, y direc-  
ta—y ~~que no sea~~ transversa. Quién nos la propone no tiene  
que “oscurecer” ni que acomodar  
su mensaje pictórico a las  
exigencias laterales de lo modal.  
Sería traicionar su única mane-  
ra de acercamiento, su única  
manera de acercamiento a los  
hombres. “Poesía y plegaria”,  
se nos ha dicho en un magistral  
libro contemporáneo... “Pintura  
y oración”, diríamos ahora nos-  
otros ante esta obra y esta artista.  
Fray Angélico pintaba de  
rodillas. Yo, que he visto a Ju-  
lia Minguillón pintando “arrodi-  
llada” muchas veces, pienso aho-  
ra lo que de simbólico tenía  
aquella postura.

**N**OS llevaría un poco lejos  
establecer el paralelo que  
puede existir entre algunos poe-  
tas de su generación y la  
pintora Julia Minguillón. Hemos  
hablado a veces de ese acer-  
amiento fervoroso, que es y sus-  
tentativo, a la vida en torno, de  
las promocións poéticas que  
aparecen en los alrededores de  
1936. Hay unas formas delicadas  
y reverentes de expresión, una andadura acariciante  
en la palabra, un descubrimien-  
to del misterio poético a través  
de la sustancia estable de los  
seres y de las cosas. El instru-  
mento verbal se anima y dulci-  
fica para tocar con mano tem-  
blorosa lo que sale al paso del  
alma... ¿No hay mucho de todo  
esto en la pintura de que ha-  
blamos?

Tenemos ahí, ya suelta defini-  
tivamente de la mano que la  
creara, una obra que merece  
una atención cuidadosa. Una  
mujer tremante y contenida,  
serena y ejemplar, ha dejado  
ante nosotros el limpido testimo-  
nio de su alma delicadísima.  
Era un contraste en ella su du-  
rada ante la obra en marcha y la  
seguridad que nos ofrecía la  
propia obra terminada. Ella se  
ha llevado ese oscuro poder de  
la inquietud. Nos queda a nos-  
otros lo tan perseguido, lo he-  
cho, lo terminado, lo inmutable,



MARUJA MALLO

Esta galega miúda e artista xenial, irromperá desafiante na escena artística madrileña dos anos 20 decidida a rachar cos estereotipos e os moldes que encorsetaban tanto a arte como ás propias mulleres. Cos seus extravagantes atuendos, o seu desenfado, as súas andainas nocturnas con Dalí, Buñuel, Lorca e os seus compañeiros da Escola de Estudantes, deambulará por un Madrid sacudido polo impacto do cine, do jazz e das ideas más radicales. Pero o feito de ser muller e comportarse como unha artista sen prexuízos de xénero non foi, en xeral, aceptado por ese trans fondo machista que sempre acompañou aos que se consideraban vanguardistas e transgresores.

Naceu en Viveiro en 1902; a súa formación iniciouse en Avilés e alí comezou a expoñer antes de trasladarse a Madrid para completar a súa formación na Facultade de Belas Artes de San Fernando.

Durante os anos 20, Maruja Mallo tiña amizades con Alberti e Concha Méndez; e tomou clases de debuxo, integrándose nas vanguardas e impulsando novos sistemas expresivos. Relacionouse con outros intelectuais da época. Coñeceu a Salvador Dalí, e a través del a Lorca e Luís Buñuel. En 1927 formou parte da Escola de Vallecas, con Alberto Sánchez, Benjamín Palencia e J. M. Caneja, e foi daquela cando, grazas a Miguel Hernández, descubriu a paisaxe e as xentes de Castela.

En 1928 expón por primeira vez os seus poboados cheos de sol, toreiros e manolas. A exposición foi todo un acontecemento cultural en Madrid. Cunha bolsa viaxará a París en 1931, onde comenzará a súa etapa surrealista, relacionándose con Bretón, Miró, Aragón, Arp ou Magritte. O seu cadro *Espantallo* está considerado unha das grandes obras do surrealismo.

A partir de 1933, comprometida coa República, ensinará debuxo e cerámica en Madrid. A Guerra Civil sorprénde a coas Misións Pedagóxicas en Galicia, dende onde pasa a Lisboa acollida pola súa amiga Gabriela Mistral.

Exíliase en Bos Aires en 1937, cidade onde residirá, agás temporadas esporádicas, ata 1961. Alí entra en contacto cun novo continente cheo de imaxes novas e suxestivas que a levan a afondar nunha nova liña de traballo; retratos bidimensionais, naturezas vivas, bailarinas, atlantes e máscaras poboarán os seus oníricos e enigmáticos lenzos, atrapados en ritmos xeométricos máxicos.

En 1964 regresa a España, pero a que fora unha das grandes figuras do surrealismo de preguerra é agora case unha descoñecida.

Instálase en Madrid e segue pintando. Na década dos 90 ofrecéronlle varias exposicións e premios, como a Medalla ao Mérito nas Belas Artes e o Premio das Artes Plásticas de Madrid. Morre en 1995.

Viviu a súa vida como rebelión permanente contra as convencións artísticas e sociais do mundo. Era un espírito libre, e o seu carácter e o seu legado pictórico ningún os pode xa ignorar.



*Cabeza de muller.* 1941



*A Verbena.* 1927

□ Completa o seguinte cadro con nomes de artistas relacionados con Maruja Mallo:

DALÍ	España	pintor	<i>Muller nunha ventá</i> <i>A persistencia da visión</i>
BUÑUEL			
LORCA			
MAGRITTE			
B. PALENCIA			
M. HERNÁNDEZ			
BRETON			
G. MISTRAL			

#### AVDA. DE DONA FERMINA

Leva este nome por dona Fermina Alonso Lamberti de Curbera, quen cedeu terreos da súa finca Mirasol, na Guía, facendo posible a mellora do parque. A carballeira centenaria que alberga hoxe o parque da Guía formaba parte dos antigos xardíns do devandito eido de dona Fermina, cando parte dos seus terreos foron doados por esta aos vigueses. Foi distinguida coa medalla de Ouro da Cidade de Vigo.

#### MARÍA BERDIALES

Esposa de Manuel Núñez, promotor da Banca e posuidor dunha das maiores fortunas viguesas do século XIX. Morreu moi nova. O nome da rúa daráselle a instancias do seu fillo, Ángel Núñez, como homenaxe á súa nai.

## INÉS PEREZ DE CETA

Inés Pérez de Ceta foi a fundadora, en 1553, do Convento das Monxas Franciscanas. A Casa de Ceta era anterior aos Reis Católicos, e incluso tiña privilexios concedidos por estes monarcas, como o dereito de indultar a un reo que conseguise asirse á cadea da porta de entrada da súa casa. Viviron en Baiona, Coia e Vigo, onde se conserva, no barrio do Berbés, a Torre dos Ceta, edificio lindante coa Casa Arines, construído no século XV e considerado o máis antigo da cidade. Casou Inés Pérez de Ceta con don Fernando Fitao Aldao.

No ano 1552, ao quedar viúva, consegue autorización para fundar un convento no que, unha vez constituído, se acolle xunto coas dúas fillas solteiras e outras señoras que con ela vivirán en comunidade tendo como norma de vida a Regra da Terceira Orde de San Francisco.

A casa que lles serviu de albergue era un pazo de distinguida apariencia propiedade da súa familia, situado á beira do mar no barrio do Areal, e que dará nome a unha zona coñecida como Areal das Monxas, ou Areal do Convento. No séc. XIX o edificio convertírase en Hospital Militar.

Curiosamente, na recuperación histórica desta muller do século XVI vigués, relativamente recente -data de 1997-, tivo moito que ver que o nome anterior da rúa -Hospital- fose considerado moi pouco comercial polos promotores inmobiliarios da zona.



Torre dos Ceta

## PURIFICACIÓN SAAVEDRA

Purificación López Saavedra naceu en 1870. Por liña materna, ascendía da liñaxe fidalga do Pazo do Rosal en Moaña e por vía matrimonial, pasará a ser dona do pazo da Raposeira en Sárdoma. Estivo casada dende 1891 co seu curmán Amador Montenegro Saavedra, cofundador do semanario lucense *A Monteira* (escrito en galego e castelán) e membro da Real Academia Galega.

Tivo nove fillos. A viúva parece que en 1942 vivía na rúa Uruguay de Vigo. Paradoxalmente Purificación Saavedra en política posicionábase na dereita máis radical, formando parte en 1934 da xunta directiva da sección feminina da "Unión Regional de Derechas" de Vigo.

É esta a única denominación que non aparece recollida en ningún tipo de acordo da corporación municipal. O único dato certo é que se menciona por vez primeira en decembro de 1933. Dado que había no lugar unha mansión chamada "Villa Purificación", e atendendo á localización da rúa, cabe sospeitar que o motivo estivese relacionado cos terreos mercados a Concepción Saavedra para a construcción e urbanización/acceso viario da Praza de Abastos de Teis

- Visita a Casa dos Ceta, no barrio do Berbés. Fotógrafate diante da fachada e utiliza a foto como punto de partida para crear un conto que titularás:

"Un día con Inés Pérez de Ceta"

## OLIMPIA VALENCIA

Naceu en Baltar, Ourense, no ano 1889, pero trasládase a Vigo xunto coa súa familia á idade de 12 anos. Estuda Maxisterio e matricularase en Medicina en Santiago de Compostela no ano 1919. Remata a carreira en 1925, converténdose na primeira muller que obtén a licenciatura en Galicia. O seu desexo de atender a saúde da muller levaraa a Madrid, para cursar a especialidade de Xinecoloxía onde entrará na Residencia de Estudantes dirixida por María de Maeztu.

De volta en Vigo, abre a súa consulta en 1928. Terá que vencer numerosas resistencias pola dificultade en ser recoñecida como “médico” polas posibles pacientes.

Amiga de galeguistas como Vilar Ponte, ao chegar a II República encabezará en 1931 o Manifesto das Mulleres Universitarias, en apoio dos candidatos galeguistas pola provincia de Pontevedra, que foi publicado en *El Pueblo Gallego*. En 1936 asinará o Manifesto das Mulleres Galegas, esta vez a favor do SI no Plebiscito do Estatuto Galego, que publicará o *Faro de Vigo*.

Estas actividades públicas da médica e as súa amizade con galeguistas e “xente de esquerdas” provocarán a súa detención no ano 1937, aínda que o seu paso polo cuartel da Garda Civil só durou catro días. No entanto, a partir de agora difficilmente atopará traballo, o medo a ser relacionados cunha “roxa” fará fuxir aos posibles clientes.

Na década dos corenta entra a traballar na Seguridade Social, onde a súa destreza profesional e a súa actitude progresista de axuda á muller atraerá á súa consulta a moitas mulleres viguesas que aínda hoxe a recordan.

Foi cofundadora da Academia Médico Quirúrxica e da Alianza Francesa, ambas as dúas en Vigo. Exerceu a súa profesión ata os oitenta anos e morreu en Vigo, no ano 1987, á idade de 98 anos.

## MARÍA XOSÉ QUEIZÁN

Maria Xosé Queizán naceu en Vigo en 1939. Ensaísta, poeta, dramaturga e novelista é unha das grandes figuras das letras galegas contemporáneas.

É catedrática de Lingua e Literatura Galega nun instituto vigués, cidade na que reside. Dende nova participa en obras de teatro, creando en 1959 o Teatro de Arte e Ensaio da Asociación da Prensa de Vigo, no que dirixe e interpreta, e no ano 1968 fundará e dirixirá o Teatro Popular Galego.

En 1977 publícase o seu ensaio *A muller en Galicia* e a súa vinculación ao feminismo levaraa a publicar uns anos máis tarde *Recuperemos as mans*, e a crear no ano 1983 a revista *Festa da palabra silenciada*, producida por Feministas Independentes Galegas, asociación da que é cofundadora.

Pregunta a membros da túa familia, familiares, persoas maiores, que viven no teu barrio se coñeceron a Olimpia Valencia ou se escouitaron falara dela. Completa o cadro.

Pon en común en clase os resultados atopados.



## Mª DO CARME KRUCKENBERG



Mª do Carme

Kruckenberg Sanjurjo naceu en Vigo o 3 de xuño de 1926. Estuda na mesma cidade, no Colexio Alemán. Cando a guerra europea non pode rematar os estudos ao pecharse o colexio, así que estuda pola sua conta idiomas, historia, ciencias, literatura, etc. Pódese dicir que é unha auténtica autodidacta. Casa no ano 1949.

A súa fecunda obra abrangue todos os xéneros literarios, novela, conto, teatro, ensaio ou poesía e foi traducida ao castelán, inglés e francés. O seu primeiro poemario aparecerá en 1991, e exercerá unha grande influencia na poesía actual escrita por mulleres.

Ao mesmo tempo, Mª Xosé Queizán desenvolve unha intensa actividade como conferencianta en distintos foros, e é tradutora ao galego de autoras como Margarita Youcenar ou Karen Blixen. Tamén é articulista e colaboradora en distintos xornais e revistas. Así mesmo, é codirectora do grupo teatral FIGA, directora da galería de arte Roizara, vicepresidenta do Consello Municipal da Muller do Concello de Vigo e dirixe a colección de narradoras AS LITERATAS na editorial Xerais.

En 1998, organizada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, recibe unha homenaxe en Vigo, no transcurso da cal o Concello de Vigo lle adxudicará o seu nome a un parque da cidade, e recibirá o máximo galardón da Asociación, a letra E, en recoñecemento ao labor desta muller disidente e unha das escritoras más importantes das letras galegas.

Despois de visitar Francia e Italia viaxa a Arxentina. Vive en Bos Aires catro anos onde escribe e publica *Las palabras olvidadas*. No Río da Prata coñece a elite dos escritores arxentinos e de moitos máis países de América, refuxiados políticos, así como a galegos e españois que están na mesma situación.

Foi unha grande amiga de Rafael Alberti e Mª Teresa León, os seus pais de Arxentina, como ela os define. Na casa dos Alberti, coñece a Miguel Ángel Asturias, Gloria Alcorta, Oliverio Girondo e Nohra Langue, Estela Canto, Mª Rosa Oliver, Salazar Bondi, Guillermo de Torre... Sepárase do seu marido en 1953 e volve á súa terra no mes de marzo. Nestes anos escribe tres poemarios editados en 1956 e 1958.

Nestes anos viaxa constantemente por España, Francia Italia e Portugal, mentres segue escribindo e publicando poemas. Froito da súa experiencia viaxeira será o seu libro *Vivir, aventura irrepetible*. A morte do seu pai marcará un tempo de silencio no que comenzará a traballar nos Laboratorios Servier como delegada científica.

Rompe ese silencio a morte dunha amiga e profesora da súa filla, recompilando varios poemas que tiña sen editar. A partir de entón a súa producción poética é continua. No ano 2000 Sargadelos publica unha recompilación da súa obra en *Obra poética case completa*.

A súa facilidade para o coñecemento de distintos idiomas débese á súa actividade como tradutora. Participará en numerosos foros culturais dando conferencias e recitais, tamén colabora con artigos en diarios e revistas. Recibirá numerosas distincións, entre elles a Medalla de Galicia, Galega Destacada e Viguesa Distinguida.

- Localiza unha rúa con nome de muller próxima ao teu centro de estudos, trasládate a ela e fai unha pequena enquisa a dez persoas que atopes camiñando por ela ou a comerciantes alí instalados.

- M<sup>a</sup> Xosé Queizán e M<sup>a</sup> do Carme Kruckenberg son dúas escritoras viguesas co seu nome no rueiro da cidade:

- Esculca se na biblioteca do teu centro de estudos, hai obras destas mulleres
- Localiza e copia un poema de cada unha delas.
- Fai un resumo das súas biografías.

- Descubre o nome de dez rúas con nome de muller nesta sopa de letras:

B	E	R	D	I	A	L	E	S	O
T	A	R	E	N	A	L	M	A	R
O	L	R	O	E	T	I	Z	A	O
L	A	T	C	U	R	I	E	I	S
L	B	E	F	E	R	M	I	N	A
A	T	E	M	A	N	O	I	E	L
M	R	D	E	V	A	A	S	S	I
A	A	L	O	L	I	M	P	I	A
N	O	L	L	I	U	G	N	I	M

Enquisa:

1. Sabe o nome desta rúa?
2. Por que a rúa leva este nome?
3. Sabe quen foi/é?

Fai un cadro coas respostas e un pequeno comentario-resumo.

## CONCEPCION ARENAL

Naceu en Ferrol no 1820. Ao morrer o seu pai marcha coa súa nai a Santander e en 1834 está instalada en Madrid, e sete anos despois, contra o parecer da súa nai, entra na Universidade Complutense, onde se vestirá de home para tomar clases de Dereito. Vestida tamén de cabaleiro, participa nas tertulias políticas e literarias, rexeitando deste xeito a tradicional condición da muller no seu tempo. Cando por fin puido obter o título, os seus alumnos boicotearana non asistindo ás súas clases, e cóntase que o bedel, que traspasaba uns centímetros a porta da aula, era o único receptor das súas maxistrais clases.

Concepción Arenal foi unha prolífica teórica de prodixioso talento que escribiu para que a lesen, para que os seus lectores participasen das súas ideas, dedicando a súa pluma á reivindicación das situacións marxinais e facendo dos colectivos máis desfavorecidos da sociedade o tema principal das súas obras.

En 1959 fundou en Potes o grupo feminino das Conferencias de San Vicente Paul para axuda dos

pobres, e en 1861 a Academia de Ciencias Morais e Políticas La premiou pola súa memoria *beneficiencia, la filantropía y la caridad*, sendo a primeira vez que esta Academia premiaba a unha muller.

En 1863 convértese na primeira muller nomeada Visitadora de Prisións de Mulleres; reside na Coruña e en tres meses visita todas as cadeas de Galicia. É cofundadora de *La Voz de la Caridad*, revista madrileña onde escribirá durante catorce anos destapando asinxustizas e miserias do mundo que a rodea. En 1872 funda a Construtora Benéfica, sociedade filantrópica de casas baratas para obreiros. Tamén organizará en España a Cruz Vermella de Socorro, para os feridos na guerra carlista. É unha das mentes máis lúcidas da historia da medicina hospitalaria polas súas contribucións á curación dos enfermos, á asistencia sanitaria e psiquiátrica, á hixiene e á reivindicación do papel da muller.

Con ela pódese dicir que nace o feminismo en España, reclamando o protagonismo da muller en todas as ordes da vida. *A muller social*. Nas súas obras *do porvir*, *O estado actual da muller en España* ou *A educación da muller* cuestionará o ideal de muller imperante na época da Restauración epañola, que consideraba os labores domésticos e o coidado dos fillos como únicas tarefas propias de mulleres. Revatirá as teorías pretendidamente científicas que



aseguraban que as mulleres eran inferiores aos homes defendendo que a natureza feminina non presentaba límite fisiolóxico ningún que lle impidese desempeñar calquera oficio, aínda aqueles que, como o sacerdocio e a xudicatura, eran considerados específicamente masculinos.

No extranxeiro foi proclamada como unha autoridade internacional en materia penal e creadora da súa propia doutrina, reservándosele un lugar de honra en todos os congresos penitenciarios de Europa e Estados Unidos, nos que participaba enviando informes e relatorios.

Concepción Arenal foi tamén poeta, novelista, autora dramática e de zarzuela e colaboradora de numerosas revistas e prensa especializada.

A inicios de 1890, decidiu trasladar a súa residencia a Vigo, onde vivía o seu fillo. Falecerá en 1893 á idade de setenta e tres anos logo dunha penosa enfermidade. Ao día seguinte foi enterrada no cemiterio de Pereiró, nun dos máis populoso enterros que se coñeceron na súa época. Logo da súa morte, o seu fillo custeou a publicación das súas obras completas.



## CONDESA DE CASA BÁRCENA

O nome desta rúa fai referencia a María Margarita Bárcena Saracho, filla de Augusto Bárcena e Franco e de María Saracho Spínola.

A familia Bárcena era unha das familias de maior prestixio social e económico do Vigo do seu tempo. O tío de Margarita era Manuel Bárcena Franco, conde de Torrecedeira e alcalde de Vigo, fundador da Caixa de Aforros de Vigo, para a cal proporcionará o edificio, o actual Centro Social de Caixanova. Tamén fundou a cámara de Comercio Industria e Navegación. A familia tiña múltiples negocios e banca propia.

Naceu Margarita Bárcena en 1887, e morreu en Madrid en 1919, a onde se trasladara xunto coa súa nai en 1917. Á súa morte iniciouse un proceso para acadar a súa beatificación e publicouse en 1920 un libriño que recollía os poemas que ela escribira. Contaban que recitándoos a xeito de oración, acadábanse curacións milagrosas. A Guerra Civil interrompeu o proceso de beatificación da filla e tamén o da Condesa de Casa Bárcena, súa nai.

A vida de Margarita está intimamente ligada á historia da súa nai, muller extremadamente relixiosa que se ocupará directamente e en exclusiva da educación da filla: "a compaña doutras nenas podería ser un obstáculo para a quietude serena daquel corazón feito de azucena", escribe o seu biógrafo.

As dúas dedicaranse á oración, a dar esmola aos pobres e a coser e bordar para o altar da igrexa.

Regalarán as xoias e a roupa, e vestirán o hábito do Carme. A Condesa tiña na casa unha inscrición na porta da sala: "Non falar ou falar de Deus", e conta o seu neto que levaba esta máxima á súa vida diaria. Nai e filla fundarán en Vigo os Xoves Eucarísticos, que se haberían de estender por outras cidades.

Segundo a súa biógrafo, a xente "vulgar" non entendía a relixiosidade da Condesa de Casa Bárcena e da súa filla, e a miúdo eran increpadas e insultadas polas rúa cando ían ou viñan da igrexa. Parece que este foi o motivo do seu traslado a Madrid, ao consideraren que nunha gran cidade pasarían más desapercibidas.



MARIE CURIE

Nace en Varsovia en 1867 e chega a París en 1891 para matricularse na Sorbona, pois no su país as mulleres non podían acceder á universidade. En 1893 licénciase en Física e un ano despois en Matemáticas. A súa vida de estudiante foi penosa, apenas tiña cartos para sobrevivir.

Coñece a Pierre Curie e casan en 1895, dous anos máis tarde nace a súa primeira filla e Marie compaxina o traballo da casa, o coidado da súa filla e o traballo no laboratorio. Os Curie comezan a traballar no fenómeno da radiactividade. Despois dun arduo traballo nun laboratorio destortalado e improvisado onde

procesaron unha tonelada de residuos de pecblenda, descobren os dous elementos do uranio que producen a radiación: chamaranos polonio e radio. En 1903 este achado levaraos a recibir o Premio Nóbels en Física.

En 1904 Pierre Curie será nomeado profesor de Física da Universidade de París, e o ano seguinte membro da Academia francesa. Marie, unha muller, non obtén o mesmo recoñecemento, ela segue a dar clases nun colexio de "señoritas". Á morte de Pierre nun accidente de tráfico, outórgaselle a Marie a cátedra de Física. Será a primeira muller en ocupar tan alta posición no ensino universitario francés.

En 1911, o sexismo e a xenofobia impiden que ingrese na Academia das Ciencias, pero ese mesmo ano outórgaselle o segundo Nóbels, o de Química. Durante máis de cincocentos anos non haberá ningúen, home ou muller, que merecese este galardón por segunda vez.

Os Curie non rexistraron a patente dos seus descubrimentos, pois consideraban que calquera científico podía buscarlle aplicacíons á radiactividade, polo que os seus problemas económicos foron constantes.

A Sorbona e o Instituto Pasteur fundaron convolutamente o Instituto Curie de Radio. Marie, contra o parecer da súa familia, regalou ao Instituto o gramo de radio que ela e o seu home illaran coas súas propias mans.


En 1921, as mulleres norteamericanas reunirán cen mil dólares, valor dun gramo de radio para doarilo a Marie Curie, quen viaxará aos Estados Unidos para recollelo.

A actividade de Marie Curie será incesante, os seus descubrimentos permitirán importantes aplicacións médicas na curación do cancro ou nas investigacións sobre a enerxía nuclear, pero o seu organismo, carcomido polas radiacións, irase apagando; unha anemia perniciosa causada polas longas exposicións á radiación será a causa da súa morte o 4 de xullo de 1934, mentres, o gramo de

radio segue aínda hoxe emitindo radiacións.

Marie Curie, á vez que realiza un dos descubrimentos máis importantes da historia da humanidade: a radiactividade, consegue que por vez primeira os círculos científicos abran as súas portas a unha muller, e con ela, a todas aquelas taninxustamente ignoradas ata entón pola historia.

□ Resolve o crucigrama:



**Vertical**

1. Primeira muller galega que acadou o título de médica.

**Horizontais**

1. O Día das Letras Galegas ten moita relación con ela.
2. Muller transgresora e pintora •enial.
3. Primeira muller en gañar a Medalla Nacional de Belas Artes.
4. No parque da Guía paseamos polo que foi o seu •ardín.
5. A súa filla tamén recibiu un premio Nóbel.
6. Foi a dona do Pazo da Raposeira.
7. Para estudar na Universidade houbo de disfrazarse de varón.

## ROSALIA DE CASTRO

Naceu en Santiago de Compostela en 1837. Nesta cidade estuda música e debuxo e participa activamente no *Liceo de la Juventud*, onde toma contacto coa vida intelectual de Santiago.

En 1856 trasládase a Madrid, onde publica unha colección de versos titulada *La flor*. Aquí coñecerá a Manuel Murguía, con quen contraerá matrimonio en 1858. Trasládanse a Santiago e ao ano seguinte nacerá a primeira dos seus sete fillos.

Vivirá en distintos lugares segundo o destino de Murguía. En 1863 aparece publicado en Vigo o seu primeiro gran libro, *Cantares Gallegos*. Con este poemario Rosalía sitúase como precursora, xunto a Curros Enríquez e Pondal, do rexurdimento cultural de Galicia. O libro, con reminiscencias da antiga lírica galego-portuguesa, preséntanos con gran riqueza a vida aldeá, unha epopea popular con heroes individuais que reflictan diversas facetas da heroína que é a Galicia campesiña, epopea na que está proscrita a clase señorial.

O 17 de maio deste mesmo ano asinará a dedicatoria de *Cantares Gallegos* para a escritora Fernán Caballero, e esta data, ao descoñecerse a data exacta da publicación dos *Cantares*, será adoptada, co gallo do seu centenario, como Día das Letras Galegas.

En 1967 publicará a súa mellor e más longa novela, *El caballero de las botas azules* en castelán, e logo virá un longo tempo de penurias persoais no que terá cinco fillos e asistirá á morte de dous deles.

Retirada na súa casa da Matanza, en Padrón, remata *Follas Novas*, obra fondamente intimista que reflicte os sentimientos persoais de Rosalía: soildade, dor e desacougo. Aquí escribe tamén *En las Orillas del Sar*.



Rosalía nunca gozou de boa saúde, e tivo que loitar durante toda a súa vida coa enfermidade, os prexuízos, as penurias económicas, as incomprensións e as inxustizas da sociedade que a rodeaba. A súa obra está fondamente marcada polas circunstancias da súa vida. Nos seus escritos hai clamor polas mulleres esquecidas e berros de dor polas sometidas á dureza da natureza e do modelo social, nunha actitude reivindicativa e de denuncia fronte á vida e os problemas da sociedade galega.

Aos 48 anos, o día 15 de xullo de 1885, morre en Padrón, na casa da Matanza que hoxe está convertida en museo. Foi enterrada no cemiterio de Adina, na igrexa parroquial de Iria, e o 25 de maio de 1891 os seus restos foron trasladados á igrexa de San Domingos de Bonaval, en Santiago, ao Panteón de Galegos Ilustres.

Rosalía foi unha muller forte, valente e sensible que soubo plasmar a realidade que a rodeaba nunha obra que traspasou os límites do seu país e do seu tempo.

### Une con frechas:

Purificación Saavedra  
Marie Curie  
Condesa Casa Bárcena  
Julia Minguillón  
Maruja Mallo  
Inés Pérez de Ceta  
Rosalía de Castro  
M<sup>a</sup> do Carme Kruckenberg

O Calvario  
Areal  
Centro  
Teis  
Marcosende

- Recompila pequenas biografías de mulleres viguesas con mérito pero sen fama. De mulleres próximas, da túa familia, barrio... porque a historia das mulleres é sobre todo a historia de todas aquelas que dende a súa pequena parcela, na cotidianidade, no anonimato ou en actividades pouco recoñecidas contribuíron a conformar a nosa cultura.
- Utiliza unha ficha como esta para elaborar biografías de MULLERES IMPORTANTES.

nome \_\_\_\_\_

biografía

Espazo para foto

## BIBLIOGRAFÍA CONSULTADA

- *As rúas de Vigo. Orixen. Historia. Nomes.* Lalo Vazquez Gil. Concello de Vigo, 1989.
- *Tierra de Fragoso (notas para la historia de Vigo y su comarca).* José Espinosa Rodríguez. Institutos de Estudios Vigueses, 2003.
- *Teis: Memoria histórica dunha parroquia do litoral (Vigo/Lavadores).* Juan Miguel González Fernández. Asociación Vecinal de Teis, 2003.
- *Recurperando a Nosa Historia II.* Mulleres Nacionalistas Galegas, 1999
- *María Saracho y Spínola. Condesa de Casa Bárcena.* MªAntonieta Viso. Imprenta Avilista. Tui, 1956.
- *Maruja Mallo, la gran transgresora del 27.* José Luís Ferrís. Temas de Hoy. Madrid, 2004.
- *Nobiliario de ciudad de Vigo.* Valentín Davila Jalón. Editorial Hidalguía. Madrid, 1953.
- *Rosalía de Castro. Estudios sobre a vida e a obra.* Varias. Editorial Laiovento. Santiago de Compostela, 2000.
- *Marie Curie. Genio obsesivo.* Bárbara Goldsmith. Ed. Antonio Bosch. Barcelona, 2005.
- *Vigueses na democracia.* Diego Pérez . Federación de AA.VV. de Vigo. Vigo, 2000.
- *O antigo Concello de Lavadores. Unha aproximación histórica.* Xesús Giraldez Rivero. Deputación Provincial de Pontevedra. Pontevedra, 1987.
- *Festa da palabra silenciada,* nº 3, 1986.
- *Mujeres en la Historia de España.* Varias. Editorial Planeta. Barcelona, 2000.

[www.culturagalega.com](http://www.culturagalega.com)

[www.escritoras.com](http://www.escritoras.com)

[www.segundarepublica.com](http://www.segundarepublica.com)

[www.andainamulleres.org](http://www.andainamulleres.org)

[www.ciudaddemujeres.com](http://www.ciudaddemujeres.com)

[www.vigo.org](http://www.vigo.org)

VIGO

**EDITA ...**

**Concello de Vigo - Conllería da Muller**  
Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local

**CONCELLEIRA**

**Lucía Molares Pérez**

**SUPERVISION LINGÜISTICA**

**Servizo de Normalización Lingüística - Concello de Vigo**

**COLABORACIÓN**

**Avalia Grupo de Coordinación S.L.**

**MAQUETACION E IMPRESIÓN**

**devalocor s.l.u.**

**DEP. LEGAL:**



Concello de Vigo

